


Morte

CATEGORÍAS RELACIONADAS

A caveira de Doade

Ilustración de **X. Manuel Segade Rivas**

Image: caveira doade(1).jpg



Un veciño de Doade, Sober (Lugo) cruzaba de noite polo camposanto parroquial e viu un vulto, e saír del un relampo cativoiro como o dun lucecú; claro que era inverno e non era probable que fose este insecto a orixe daquela luz. Sen pensalo moito deulle unha patada e aquilo botouse a rolos, e mesmo lle pareceu que xemía un algo.

Chegou á casa e dispúxose a cear o que lle amañara a muller. Foi entón cando viu sobor do mesado unha

caveira de morto.

O home, coma se nada, díxolle á caveira:

—Se queres cear dígolle á miña muller que se poña prato.

A caveira respondeu:

—Non, non quero cea, só veño para dicirche que non respetaches o meu descanso e que mañá irás facerme compañía ao camposanto.

BIBLIOGRAFÍA

Fonte:

VVAA, Sober. Lugo, Servicio de publicacións da Deputación provincial de Lugo, 1998.

Bibliografía:

CUBA, X. R., MIRANDA, X. e REIGOSA, A., Dicionario dos seres míticos galegos, Xerais, Vigo, 1999.

MOURE MARIÑO, L., La Galicia Prodigiosa; las ánimas, las brujas, el demonio, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela. 1992.